

## SOLICITUDE DE COMPARENCIA DA CONCELEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS

Coñecendo as manifestacións realizadas polos grupos de teatro de diferentes parroquias, solicitamos a comparencia da concelleira de Servizos Sociais para que expoña diante deste Pleno os datos referentes a dita actividade. En concreto: gastos e ingresos, indicando as partidas orzamentarias que nos permitan contrastalos, modelo de contratación e apoios non pecuniarios a dita actividade que teña efectuado o seu departamento ou calquera outro.

Cando dicimos en concreto referímonos a:

- a) Ingresos rexistrados por parte do alumnado
- b) Coste do profesorado
- c) Expediente de contratación
- d) Subvencións recibidas para dita actividade e finalidade que se lle deu.

*A concelleira PARIS BLANCO di que esta actividade levaba tempo implantada no Concello e tiveron intención de mantela e incluso ampliála a outras parroquias. Sinala que no terceiro ano se implementaron as taxas para as actividades organizadas polo Concello e se incrementou a taxa pero non a chegou a pagar ninguén e comezaron a facer un control sobre a actividade e a contratación da monitora...etc. Aínda que neste ano comezou tarde, fixéronse as inscricións e ao terceiro mes decatáronse de que non se estaban ingresando as taxas na contía establecida e os alumnos decidiron non pagar. Despois se fixo o que dispuxeron os servizos xurídicos e a meirande parte da xente deuse de baixa. Di que o expediente está para que o mire quen queira, que foi a primeira vez que se fixo a contratación en condicións.*

*En canto ao solicitado por AER, di que o expediente está a súa disposición. O contrato foi un contrato menor e adjudicouse o 25.11.2014 e o custe era de 5.100 € para o curso ata o 31 de xullo, a razón de 820 € ao mes. O custe da monitoria dividiuse entre 75 persoas, aínda que somentes participaron 39. A subvención no 2014 detraeuse para o cálculo da taxa. O día 24 de febreiro somentes quedou unha persoa inscrita.*

*O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que se trata de vontade política e que esta é unha cuestión importante para a vida cultural das parroquias. Considera que se está obstaculizando o labor da xente involucrada na actividade e por eses obstáculos déronse de baixa. Esperaba que a concelleira neste tempo movera ficha e se retomaran as conversas coa xente afectada. Rexeitan a actitude da concelleira.*

*O concelleiro BLANCO PÉREZ pregunta se se acadou algún tipo de patrocinio e se se realizaron actuacións para promocionar a actividade ou podería incluírse dentro do convenio interparroquial. Indica que podería implicarse á concellería de Cultura.*

*A concelleira PARIS BLANCO di que trataron de chegar a sete parroquias e arrincaron en dúas e despois a cinco. Di que ela mesma apoiou o tema e non houbo obstáculos en ningún caso. Sinala que ela mesma deulle aos alumnos toda a información. Está moi de acordo con esta actividade pero a dirección ten que vir do Concello que é o que a organiza. Non lles deu tempo nin a traballar no tema dos patrocinios e*

*facilitoulles todo o que foi necesario. Di que incluso falouse acerca de darlle unha maior estabilidade á actividade e pensa retomar a cuestión próximamente.*